

## COMPRA – VENTA

- Véndense cordeiras de recría. Tfno.: 689 548 156 Castro Caldelas (Ourense).
- Véndense 40 ovelas con crías. Tfno.: 982 168 056 / 616 388 235 (Ramiro) Muras – Lugo.
- Véndense cordeiras e machos de ovella galega. Tfno.: 982 168 056 / 616 388 235 (Ramiro) Muras – Lugo.
- Véndense 120 ovelas cubertas en xaneiro. Tfno.: 607 778 221 Morgade – O Saviñao (Lugo).
- Véndense cachorros de mastín dos Pirineos (os pais están traballando con gando). Tfno.: 690 091 065 Curtis (A Coruña).
- Véndense 200 ovelas. Tfno.: 698 187 599 Baños de Molgas (Ourense).
- Véndense excelentes cabritas de recría de explotación ecolóxica de cabras de aptitude cárnica. Tfno.: 687 418 518 (Xosé) 609 529 872 (Bernardo) Allariz (Ourense).
- Véndense cachorros de mastín. Tfno.: 650 420 045 Vilasantar (A Coruña).
- Véndese rebaño de 94 ovelas negativo a paratuberculose e maedi-visna. Tfno.: 671 510 161 As Nogais (Lugo).
- Véndense cordeiras de recría de raza Latxa. Tfno.: 609 529 872 Allariz (Ourense).
- Véndese rabaño de 200 ovelas e 80 cabras. Tfno.: 988 458 662 (Josefa) Lobeira-Ourense.
- As persoas interesadas en comprar cabras ou ovelas de leite poden poñerse en contacto con Joan no Tfno.: 669 128 946.

## LEXISLACIÓN

### MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, Y MEDIO RURAL Y MARINO:

• **RD 66/2010** sobre a aplicación no ano 2010 e 2011 dos pagos directos á agricultura e á gandería. Espérase que en breve se publique no DOG a orde para solicitar o pago directo, xa vos informaremos no próximo boletín.

### AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (AGADER):

• **Resolución do 15 de decembro de 2009.** Subvencións aos proxectos dinamizadores das áreas rurais de Galicia. **Amplouse o prazo ata o 24 de marzo de 2010!!**

## PRESENTÁMOSVOS A NOVA PÁXINA WEB DE OVICA!!



A ASOCIACIÓN | SERVICIOS | BOLETÍN | LIGAZÓNS | INSCRICIÓN | GALERÍA | CONTACTO | ONDE ESTAMOS?



### Benvidos

OVICA, a Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia, fundouse en 1994 por trece gandeiros que confiaban nas posibilidades do sector. Deste xeito foi a primeira e única asociación que logra agrupar a produtores de gando ovino e caprino, tanto de carne coma de leite no conxunto de Galicia.

Na actualidade conta cun gran número de asociados/as que representan un importante volume produtivo o que dá boa conta da relevancia e representatividade da asociación nun sector cun grande potencial en Galicia.

OVICA conta desde finais de xaneiro cunha nova páxina web.

Actualizáronse os contidos, principalmente os relativos á asociación e servizos.

Podedes visitala na seguinte dirección: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)



ENTRAR



### OVICA: figura clave no sector

OVICA é un axente dinamizador, unha figura clave no sector ovino e caprino, impulsora da estruturación e desenvolvemento deste sector en Galicia a través de entidades asociativas que afianzan a sanidade, a comercialización e o apoio técnico no sector.

Un bo exemplo son a creación de **COVIGA** e a **ADSG ACIVO** de ovino e caprino de Galicia.

OVICA | Pazo de Feiras e Congresos | Avenida Fábrica da Luz s/n | Lugo | Galicia | E-27004 | Tel 982 245 142 | NOTA LEGAL

OVICA | Asociación de Criadores de Ovino e Caprino de Galicia | Pazo de Feiras e Congresos | Avenida Fábrica da Luz s/n | Lugo | Galicia | E-27004 | Tel 982 245 142 | NOTA LEGAL



## BOLETÍN INFORMATIVO Nº 56 FEBREIRO 2010

### ENDEREZOS DE OVICA

Lugo: Pazo de Feiras e Congresos Avda. da Fábrica da Luz s/n – 27004 Lugo

Tfno.: 982 245 142 Fax: 982 285 211

Allariz: Rúa do Portelo, 4 – 32660 Ourense Tfno.: 988 442 428

Correo Electrónico: [ovica@ovica.org](mailto:ovica@ovica.org)

Páxina web: [www.ovica.org](http://www.ovica.org)

## ASAMBLEA XERAL DE OVICA

O próximo sábado **13 de marzo de 2010** OVICA celebrará en **Allariz** a **Asamblea Xeral Ordinaria** correspondente ó exercicio 2009. Enviarévos a convocatoria máis detallada coa orde do día a [tod@s](mailto:tod@s). **Esperamos contar coa túa asistencia!!!**

## FEIRAS

Do **4 ó 6 de marzo de 2010** celebrarase no recinto feiral de Silleda o I Salón Monográfico de la Ganadería y la Agricultura (**Gandagro**) que substituirá á que tradicionalmente se viña chamando Semana Verde de Galicia. OVICA, un ano máis, participará cun stand e con representación dalgunha raza/s. **Tod@s aqueles soci@s que queirades asistir chamade a OVICA para solicitar entradas!!!**



## RAZA: ASSAF ESPAÑOLA

A raza assaf española está catalogada desde o 2003, na categoría de raza de terceiros países (Orden APA/2420/2003 pola que se actualiza o Catálogo Oficial de razas de gando en España).

A raza assaf é unha raza orixinaria de Israel procedente do cruzamento de ovelas Awassi (melloradas para a produción láctea) e machos de raza Milschschaf (para mellorar a precocidade, prolificidade e conformación) polo que o resultado é unha raza de dobre aptitude carne-leite. A raza assaf española é unha variante da orixinaria de Israel, introducida en España no ano 1977 e formada fundamentalmente por sucesivos cruzamentos por absorción coas razas autóctonas españolas (sufriu un proceso de adaptación-selección).



No ano 2005 recoñécese oficialmente á Asociación Nacional de Criadores de ganado ovino de raza Assaf española (ASSAF.E) para levar o "Libro genealógico de la raza Assaf española".

Actualmente o censo estímase en 600.000-700.000 ovelas con un grao de pureza superior ó 80%. A maior concentración de explotacións desta raza atópase en Zamora, León, Valladolid, Palencia e Salamanca.

Son animais de biotipo leiteiro. Esta raza explótase principalmente en réxime intensivo.

A produción é moi variable dependendo do manexo e das condicións de produción, a media está en torno a 1,8-2,5 litros/día para 150 días de lactación.

Ten boa fertilidade e prolificidade media de 1,6 crías/parto. Peso medio 60-70 Kg femias e 80-100 Kg machos.



# CAIXA RURAL GALEGA

## OXFENDAZOL FRONTE A OUTROS BENCIMIDAZOLES FRONTE A PARASITÓSES PULMONARES

Autor: *Jordi Ysamat Faus* - Laboratorios Karizoo S.A.

Resumen: *veterinarios ADSG ACIVO*

### I. BENCIMIDAZOLES


Os bencimidazoles son antiparasitarios de amplo espectro, con efectos sobre vermes redondos, vermes planos, as súas larvas e ovos. Son un dos compostos químicos de maior uso e eficacia para o tratamento de parásitos internos na maioría de animais domésticos.

Unha das cualidades dos bencimidazoles é a baixa toxicidade para os animais domésticos.

A maioría dos bencimidazoles despois de ser absorbidos chegan ó fígado e transfórmanse noutros compoñentes que volven ó intestino e que son os realmente efectivos contra os parásitos. Todo este proceso fai que os bencimidazoles sexan moi efectivos fronte ós parásitos gastrointestinais.

Entre os bencimidazoles máis coñecidos atópanse o: albendazol, fenbendazol e oxfendazol. O albendazol é un desparasitador que se leva empregando desde fai moitos anos. O fenbendazol é tamén moi empregado nos rabaños e na desparasitación da recría e dos cordeiros.

O oxfendazol posúe un poder antiparasitario superior. Debido á súa estrutura molecular ten maior persistencia no organismo, incrementando deste xeito o tempo de contacto entre o parásito e o fármaco. Como podemos observar na gráfica comparativa tras a administración do oxfendazol conséguese un nivel de plasmático de persistencia superior ó resto de bencimidazoles.



Eficacia comparativa y niveles plasmáticos comparativos de varios benzimidazoles (Norbrook, Uk. research)

### METABOLISMO, ELIMINACIÓN E TOXICIDADE DOS BENCIMIDAZOLES

O oxfendazol, fenbendazol e albendazol son máis eficaces porque a súa eliminación do organismo é lenta. O mecanismo e a rapidez de eliminación do parásito non é a mesma para tódolos bencimidazoles.

O bencimidazoles están entre os desparasitadores menos tóxicos. Todos son ben tolerados polos animais domésticos e o home, aínda que se administren a animais novos, enfermos ou debilitados. As ovellas toleran unha sobredose 20 veces a dose recomendada de oxfendazol.

### II- EFICACIA DOS BENCIMIDAZOLES NAS PARASITÓSES PULMONARES

Os parásitos en xeral son o principio de innumerables problemas debido ós efectos que provoca no gando. Un dos efectos máis importantes é a inmunosupresión. Esta pode vir provocada como consecuencia da patoloxía provocada polo parásito, ou ben como consecuencia dun sistema inmunitario exhausto a consecuencia dunha estimulación continua por antíxenos distintos. Neste punto radica a importancia da desparasitación como paso previo á vacinación do gando. As parasitoses pulmonares son as máis difíciles de tratar. A incidencia de parasitoses pulmonares en ovinos, tamén chamadas bronconeumonías verminosas é relativamente alta e afecta maioritariamente a animais en extensivo e sobre todo ó gando caprino.

Aínda que a mortalidade por este tipo de patoloxía non é moi frecuente, as complicacións secundarias e as perdas produtivas (carne, leite, la etc.) nos animais parasitados son bastante significativas.

Os bencimidazoles indicados anteriormente son os máis eficaces para as parasitoses pulmonares.

### CONCLUSIÓN

- Pódese concluir que os bencimidazoles son fármacos seguros ás doses adecuadas, tendo un marxe de seguridade amplo tanto en toxicidade para animais adultos, novos, xestantes e fetos; é necesario chegar a administrar catro veces a dose recomendada para que se poda ver algún problema desta índole.
- O oxfendazol ten unha elevada eficacia fronte a nematodos gastrointestinais, pulmonares adultos e as súas fases larvarias.
- O oxfendazol ten gran efecto sobre os ovos dos parásitos, importante en calquera programa de control de parasitoses.
- O sistema de desparasitación "Wormkill" consiste na redución ó máximo dos tratamentos antiparasitarios. Pódese lograr mediante a utilización dun Closantel, de espectro antiparasitario reducido combinado cun bencimidazol, que ten un espectro de actuación máis amplo. A combinación Closantel – Oxfendazol (Duotech) é a de maior espectro de actividade.

### OESTROSIS: UNHA PARASITOSE DE ALTA INCIDENCIA

Enfermidade parasitaria causada pola acción e a presenza de larvas de *Oestrus Ovis* a nivel de cavidades nasais e senos paranasais de ovellas e cabras.

### TRATAMENTO CON DUOTECH

- O closantel como unha estratexia efectiva de control da Oestrosis ovina, alcanza rápidas concentracións tras a súa administración, e grazas ó seu efecto residual, permanece no organismo ata 8 semanas.
- Para o control de Oestrus aconséllanse dous tratamentos cun intervalo de 8 semanas co fin de evitar re-infestacións.

Como ben sabedes podeades atopar os produtos necesarios para as desparasitacións a través da ADSG-ACIVO.

NUEVO

# Duotech

Antiparasitario Fasciolicida y Vermicida oral para Ovino

EL DUO QUE COMBATE  
LA FASCIOLA  
Y LOS PARÁSITOS  
INTERNOS



OXFENDAZOL  
+  
CLOSANTEL

“UNA DE LAS COMBINACIONES  
DE MÁS AMPLIO ESPECTRO  
JAMÁS DESARROLLADA”

Norbrook®  
Pharmaceuticals Worldwide



Fabricado por:  
Norbrook Laboratories Ltd., Newry, Co. Down, N. Ireland

laboratorios  
Karizoo K

Distribuido por: Laboratorios Karizoo s.a.  
P.I. La Borda, Mas Pujades 11-12, 08140 Caldes de Montbui (Barcelona).  
Tel. 93 865 41 48, Fax 93 865 46 48  
e-mail: karizoo@karizoo.com - web: www.karizoo.com

**COMPOSICIÓN:** Duotech es una suspensión acuosa conteniendo 5 % p/v de closantel y 2,5 % p/v de oxfendazol. **INDICACIONES Y ESPECIES DE DESTINO:** Tratamiento de las infecciones mixtas de las formas maduras e inmaduras en desarrollo de vermes redondos gastrointestinales, vermes pulmonares, tenias y fasciolas o reznos nasales en ovejas y corderos: es ovicida frente los huevos de nematodos y retarda la puesta de los huevos de nematodos (fasciola). **INDICACIONES:** Duotech está recomendado para el tratamiento de infecciones mixtas incluyendo: Vermes redondos gastrointestinales: *Ostertagia* spp (adultos, larvas detenidas e inhibidas), *Haemonchus contortus* (adultos, larvas detenidas e inhibidas), *Nematodirus* spp (incluyendo *N. battus*) (adultos e inmaduros), *Cooperia* spp. (adultos e inmaduros), *Trichostrongylus* spp. (adultos e inmaduros), *Oesophagostomum* spp. (adultos e inmaduros), *Chabertia* spp. (adultos e inmaduros); Vermes pulmonares: *Dictyoaulus filaria* (adultos); Tenias: *Moniezia* spp; Reznos nasales: *Oestrus ovis* (larvas); Fasciolas: Fasciolosis crónica y subaguda debida a la Fasciola hepatica (formas maduras e inmaduras tardías). **POSOLÓGIA, MODO Y VIA DE ADMINISTRACIÓN:** Ovino: administración oral única (1ml / 5 Kg) a la dosificación de 10 mg de closantel y 5 mg de oxfendazol por kg de peso corporal. **PRECAUCIONES DE USO:** Administrar solamente por vía oral. Determinar el peso de los animales lo más exactamente posible antes de calcular la dosis. No usar durante la gestación y la lactancia. **SPC:** El oxfendazol ha mostrado tener efectos embriotóxicos y teratogénicos cuando se administra a una dosis cuatro veces mayor de la recomendada durante el primer tercio de la gestación. **CONTRAINDICACIONES:** No usar en animales con hipersensibilidad conocida a las sustancias activas. No usar en casos donde se sospeche la existencia de infecciones con especies resistentes a los benzimidazoles. En este caso se debería usar un producto de espectro reducido adecuado. **TIEMPO DE ESPERA:** Carne: 18 días. No está permitido su uso en ovejas lactantes que producen leche para consumo humano. **PRECAUCIONES ESPECIALES DE CONSERVACIÓN:** Conservar a una temperatura inferior a 25°C. Proteger de la luz. Mantener fuera del alcance de los niños. **TAMAÑO DE ENVASE:** 1 litro, 2,5 litros y 5 litros. **OTRA INFORMACIÓN:** El oxfendazol es un antihelmíntico que pertenece al grupo de benzimidazoles (1-BZ). El closantel es un antihelmíntico, miembro del grupo de las salicilanidas. Especialidad farmacológica de uso veterinario. Prescripción veterinaria. **Reg. nº: 1531 ESP**